



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
[concello.entrimo@eidolocal.es](mailto:concello.entrimo@eidolocal.es)*

**DECRETO**  
**ASUNTO: CONTRATACIÓN PERSOAL**  
**DATA: 19/06/2017**

D. Ramón Alonso López, Alcalde do Concello de Entrimo, en relación coa contratación por concurso de dous peóns para servizos varios, e en uso das facultades que me confire o artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 61.1 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, á vista das bases, logo de comprobar as solicitudes presentadas en tempo e forma e vista a proposta de resolución formulada polo tribunal de valoración, RESOLVO:

Primeiro: Proceder á contratación dos seguintes traballadores:

- José Gómez Da Silva, DNI 76710023-D
- Antonio Da Silva Dantas, con NIE X-1943833-B

Segundo: Adscribir ao seguinte aspirante, non seleccionado, á bolsa de traballo que puidera utilizar o Concello para a contratación de traballadores substitutos das baixas que se produzan ó longo do exercicio, pola seguinte orde:

- Javier Fernández González, DNI 44490989-L

Terceiro: O tipo de contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado, a media xornada, cunha duración de 12 meses.

O salario bruto mensual a percibir é de 518,88 euros (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

Cuarto: Darlle a información completa do desenvolvemento do posto de traballo no tocante á seguridade e saúde no traballo.

Quinto: Publicar o presente acordo no Taboleiro de anuncios e na páxina web do concello e dar conta da presente resolución a Corporación municipal en Pleno na primeira sesión que celebre.

Entrimo, 19 de xuño de 2017.

O Alcalde

Asdo. Ramón Alonso López



Diante miña  
A Secretaria

Rocío Costoyas Riveiro